

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONZI13Z	CON/55/2015	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015..

TIPO DE LICITACIÓN: 43.840,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 1de decembro de 2015, ás 10:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vocales: D. Manuel Dios representante do grupo CA.
 Dna. María Corral representante do grupo PP
 D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela representante do grupo BNG
 D. Enrique Vázquez Naveira, Director de Festas
 Dna. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.

Secretario: D. José Ramón Alonso Fernández, en función de Director da asesoría xurídica municipal.
 D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	25/11/2015	51.783	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS
2	30/11/2015	55.424	ILUMINACIONES XIMENEZ S.A.

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.


A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	MELLORAS VALORADAS (euros IVE excluído)
1	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	40.840,00	16.120
2	ILUMINACIONES XIMENEZ S.A.	38.579,20	3.600


Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.

Ás 10:12 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
 O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI13Z	<i>Expediente</i> CON/55/2015	

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: ILUMINACIONES SANTIAGUESAS

LICITACIÓN: Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015..

TIPO DE LICITACIÓN: 43.840,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 1 de decembro de 2015, ás 10:13 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vocales: D. Manuel Dios representante do grupo CA.
Dna. María Corral representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
D. Enrique Vázquez Naveira, Director de Festas
Dna. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.

Secretario: D. José Ramón Alonso Fernández, en función de Director da asesoría xurídica municipal.

D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Miguel Angel Vázquez Conde

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratifícase na oferta presentada.**

Sendo as 10:14 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo. D. Miguel Angel Vázquez Conde
Representante da empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI13Z	<i>Expediente</i> CON/55/2015	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015..

TIPO DE LICITACIÓN: 43.840,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 3 de decembro de 2015, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.


Vocales: D. Noa Morales, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas
Dna. Ana Gago, viceinterventora municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en función de director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Toma a palabra en primeiro termo o representante do grupo municipal do PSOE, D. Gonzalo Muiños, para manifestar a súa sorpresa e disconformidade coas informacións aparecidas en prensa relativas a que o goberno municipal está considerando a posibilidade de adelantar a data de encendido da iluminación navideña, cando no prego está taxativamente recollido que a data deste encendido será o 17 de decembro, polo que o seu grupo entende que de confirmarse esta pretensión, deberá ser obxecto dun detallado análise xurídico, ademais de recordar, aínda sendo evidente, que os traballos de montaxe non poderán empezar antes da sinatura do contrato.


Procédese seguidamente a unha breve lectura do informe de valoración das ofertas presentadas, solicitándose ó técnico redactor, a proposta da intervención municipal, unha ampliación do mesmo, no que se incorpore a cuantificación detallada das melloras, o que permitirá unha mellor comprensión global das ofertas económicas.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA





CONCELLO DE SANTIAGO

Asunto: Informe do contrato de arrendamento do contrato de equipos de iluminación pública do Nadal e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico Ensanche e Igrexas das parroquias rurais de Santiago de Compostela

Enrique Vázquez Naveira, director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas, do Concello de Santiago de Compostela, en relación ás dúas ofertas presentadas,

INFORMA

Que a empresa “Iluminaciones Santiaguesas” presenta unha oferta económica cun importe total de 49.416,40 euros (IVE incluído) e unhas melloras de leds, 9 figuras en 3 dimensións, 15 arcos, iluminacións en 12 árbores e 5 farolas en nove puntos da cidade por un importe total de 19.505,20 euros (IVE incluído). Os importes das melloras adecúanse ós prezos medios establecidos no anexo I do prego técnico.

A segunda empresa concursante é “Ximenez S.A. Iluminaciones” que presenta unha oferta económica de 46.680,83 euros, pero só oferta melloras por un importe de 3.600 euros (máis IVE), correspondentes con 20 arcos a un prezo medio de 180 euros cada un, acorde tamén co establecido no anexo I do prego técnico.

Polo tanto, a empresa coa oferta máis favorable para o Concello é “Iluminaciones Santiaguesas” que ademais cumpre cos requisitos establecidos no prego relativos a medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2015

Asdo. Enrique Vázquez Naveira

Director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI13Z	<i>Expediente</i> CON/55/2015	

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015.

TIPO DE LICITACIÓN: 43.840 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 4 de decembro de 2015, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal

Vocales: D. Xan Duro, representante do grupo CA..
Dna. María Corral, representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
D. Enrique Vázquez Naveira, Director de Festas
Dna. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en función de Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Preséntase de novo o informe no que se incorporan as matizacións que foran solicitadas na anterior reunión desta mesa.

Cuestiona a sra. Viceinterventora sobre a valoración das melloras que non se poden computar en relación os prezos recollidos no prego técnico, informando verbalmente o técnico redactor que estes elementos de iluminación distintos dos arcos, admisibles de acordo co prego de aplicación, presentan uns prezos acordes cos do mercado, solicitándose entón que esta consideración se recolla na acta e se incorpore a unha nova redacción do informe, xunto coa corrección de pequenas erratas posta de manifesto pola representante do grupo municipal popular, admitíndose en todo caso, as conclusións do informe e acordando, polo tanto, que a proposta máis favorable das presentadas é a do licitador ILUMINACIONES SANTIAGUESAS.

En consecuencia, **procede** trasladar o Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e presenta unha oferta económica por un importe total de 40.840 euros (IVE 21% 8.576,4 euros) e unhas melloras de elementos adicionais por valor de 16.120 euros (IVE 21% 3.385,00 euros), para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Asunto: Informe do contrato de arrendamento de equipos de iluminación pública do Nadal e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico Ensanche e Igrexas das parroquias rurais de Santiago de Compostela

Enrique Vázquez Naveira, director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas, do Concello de Santiago de Compostela, en relación ás dúas ofertas presentadas,

INFORMA

Que a empresa “Iluminaciones Santiaguesas” presenta unha oferta económica cun importe total de 49.416,40 euros (IVE incluído) e unhas melloras de leds, 9 figuras en 3 dimensións, 15 arcos, iluminacións en 12 árbores e 5 farolas en nove puntos da cidade por un importe total de 19.505,20 euros (IVE incluído).

Os importes das melloras adecúanse ós prezos medios establecidos no anexo I do prego técnico, que di textualmente: “prezo medio por arco 180 euros, prezo medio por motivo nas farolas 130 euros, prezo medio por letreiro 200 euros e prezo medio por árbore 240 euros”

A segunda empresa concursante é “Ximenez S.A. Iluminaciones” que presenta unha oferta económica de 46.680,83 euros, pero só oferta melloras por un importe de 3.600 euros (máis IVE), correspondentes con 20 arcos a un prezo medio de 180 euros cada un, acorde tamén cos prezos medios establecidos no anexo I do prego técnico.

Cadro comparativo de todas e cada unha das melloras ofertadas polas dúas empresas:

ILUMINACIONES SANTIAGUESAS		
ZONA	ELEMENTOS A MAIORES	VALORACIÓN ECONÓMICA
Praza Cervantes	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Toura	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Praterías	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Roxa (6 metros de longo e 6 de ancho, 150 Kg)	Estrela fugaz tridimensional	3.500 euros
Montero Ríos	5 figuras en farolas	650 euros
Algalia de Arriba	8 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	1.440 euros
Rúa Juan Carlos I	Iluminación de 12 árbores, 200 leds por unidades (idénticos ós ofertados no prego)	2.880 euros
Rúa Travesa	5 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	900 euros
Franco	2 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	360 euros
Total melloras		16.120 euros
XIMENEZ S.A. ILUMINACIONES		
ZONA	ELEMENTOS A MAIORES	VALORACIÓN ECONÓMICA
Calquera punto do Concello	20 arcos	3.600 euros
Total melloras		3.600 euros

Todas as melloras son executables, estando a empresa como todos os anos, obrigada a situar estas melloras nos lugares que determine o Concello, podendo ser as rúas propostas pola empresa ou en calquera outra decidida pola Concellería.

Cadro comparativo final das dúas ofertas presentadas:

	PREZO OFERTADO (sen IVE)	MELLORAS OFERTADAS (sen IVE)	MELLOR OFERTA PARA O CONCELLO
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	40.840 euros (IVE incluído)	16.120 euros	1
XIMENEZ S.A. ILUMINACIONES	38.579,20 euros (IVE incluído)	3.600 euros	2



Polo tanto, a empresa coa oferta máis favorable para o Concello é “Iluminaciones Santiaguesas”. As dúas empresas cumpren cos requisitos establecidos no prego relativos a medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2015

Asdo. Enrique Vázquez Naveira

Director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas



Asunto: Informe do contrato de arrendamento de equipos de iluminación pública do Nadal e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico Ensanche e Igrexas das parroquias rurais de Santiago de Compostela

Enrique Vázquez Naveira, director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas, do Concello de Santiago de Compostela, en relación ás dúas ofertas presentadas,

INFORMA

Que a empresa "Iluminaciones Santiaguesas" presenta unha oferta económica cun importe total de 49.416,40 euros (IVE incluído) e unhas melloras de leds, 9 figuras en 3 dimensións, 15 arcos, iluminacións en 12 árbores e 5 farolas en nove puntos da cidade por un importe total de 19.505,20 euros (IVE incluído).

Os importes das melloras adecúanse ós prezos medios establecidos no anexo I do prego técnico, que di textualmente: "prezo medio por arco 180 euros, prezo medio por motivo nas farolas 130 euros, prezo medio por letreiro 200 euros e prezo medio por árbore 240 euros"

A segunda empresa concursante é "Ximenez S.A. Iluminaciones" que presenta unha oferta económica de 46.680,83 euros, pero só oferta melloras por un importe de 3.600 euros (máis IVE), correspondentes con 20 arcos a un prezo medio de 180 euros cada un, acorde tamén cos prezos medios establecidos no anexo I do prego técnico.

Cadro comparativo de todas e **cada unha das melloras ofertadas** polas dúas empresas:

ILUMINACIONES SANTIAGUESAS		
ZONA	ELEMENTOS A MAIORES	VALORACIÓN ECONÓMICA
Praza Cervantes	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Toural	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Praterías	9.360 leds e 3 figuras 3D	2.130 euros
Praza Roxa (6 metros de longo e 6 de ancho, 150 Kg)	Estrela fugaz tridimensional	3.500 euros
Montero Ríos	5 figuras en farolas	650 euros
Algalia de Arriba	8 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	1.440 euros
Rúa Juan Carlos I	Iluminación de 12 árbores, 200 leds por unidades (idénticos ós ofertados no prego)	2.880 euros
Rúa Travesa	5 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	900 euros
Franco	2 arcos (idénticos ós ofertados no prego)	360 euros
Total melloras		16.120 euros
XIMENEZ S.A. ILUMINACIONES		
ZONA	ELEMENTOS A MAIORES	VALORACIÓN ECONÓMICA
Calquera punto do Concello	20 arcos	3.600 euros
Total melloras		3.600 euros

Todas as melloras son executables, estando a empresa como todos os anos, obrigada a situar estas melloras nos lugares que determine o Concello, podendo ser as rúas propostas pola empresa ou en calquera outra decidida pola Concellería. As melloras presentadas na Praza de Cervantes, Toural, Pratería e Praza Roxa, presentan figuras artísticas que non figuran no Anexo I do prego técnico pero o seu valor económico adecúase os actuais prezos de mercado.

Cadro comparativo final das dúas ofertas presentadas:

	PREZO OFERTADO (sen IVE)	MELLORAS OFERTADAS (sen IVE)	MELLOR OFERTA PARA O CONCELLO
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	40.840 euros	16.120 euros	1
XIMENEZ S.A. ILUMINACIONES	38.579,20 euros	3.600 euros	2

Polo tanto, a empresa coa oferta máis favorable para o Concello é "Iluminaciones Santiaguesas". As dúas empresas cumpren cos requisitos establecidos no prego relativos a medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2015



Asdo. Enrique Vázquez Naveira

Director de Centros Socioculturais, Relacións Veciñais, Xuventude e Festas

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI13Z	<i>Expediente</i> CON/55/2015	

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015.

TIPO DE LICITACIÓN: 43.840 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 7 de decembro, ás 10.40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal


Vocales: D. Noa Morales, representante do grupo CA..
Dna. María Corral, representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
Dna. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL** consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

